



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **UN DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo, Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Lu3s L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez, Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez, D. Jos3 Antonio Real V3zquez e D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez (ausente o Sr. concelleiro D. Manuel L3pez Armesto, excusado polo portavoz do grupo pol3tico municipal ao que pertence), asistidos pola Secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fe do acto, co obxecto de celebrar sesi3n "**ordinaria**" do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Aberto o acto pola Presidencia proc3dese a tratar os asuntos que figuran na orde do d3a da convocatoria, que son do teor seguinte:

13.- APROBACI3N SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESI3N DE DATA 05/02/2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde preg3ntase aos Sres. concelleiros asistentes se te3en que facer algunha observaci3n ao borrador da acta da sesi3n anterior de data 05/02/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do d3a. T3dolos asistentes sinalan que non te3en ningunha obxeci3n, polo que queda aprobado nos termos nos que est3 redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor).

23.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALD3A-PRESIDENCIA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, d3ase conta dos Decretos de Alcald3a ditados dende o 30 de xaneiro ata o 28 de marzo de 2016.

Os Sres. concelleiros d3anse por enterados.

33.-DAR CONTA DA REMISI3N AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACI3NS P3BLICAS, DA INFORMACI3N CORRESPONDENTE AOS ORZAMENTOS E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS PARA O 2016 (O PRORROGADO DO 2015), CITADOS NO ART. 15.2 DA ORDE HAP/2015/2012, DE 1 DE OUTUBRO, ENTRE A QUE SE INCL3E O INFORME DE ESTABILIDADE, REGRA DE GASTO E NIVEL DE D3BEDA.

O Sr. alcalde cede a palabra 3 secretaria-interventora municipal, a cal da conta aos Sres. concelleiros da remisi3n en data 08/03/2016 ao Ministerio de Facenda e Administraci3ns P3blicas a trav3s da aplicaci3n de captura habilitada na p3xina da oficina virtual para a coordinaci3n financeira coas Entidades Locais, da informaci3n correspondente aos orzamentos e/ou estados financeiros iniciais para o exercizo de 2016 (o prorrogado do exercizo 2015) citados no art. 15.2 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvollen as obrigas de suministro de informaci3n previstas na Lei Org3nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e entre a cal se atopa o informe de intervenci3n de avaliaci3n do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e l3mite de d3beda.



A Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE en 07/11/2014, que modificou parcialmente a Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, suprimiu no Informe de Intervención a elaborar antes do 31 de xaneiro anual, a avaliación do obxectivo da regra de gasto coa remisión do Orzamento aprobado, establecendo só unha valoración trimestral na fase de execución referida a 31 de decembro (art. 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra do gasto na liquidación do Orzamento(art. 15.4.e da Orde).

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS, DA INFORMACIÓN SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS A M.P. 2017-2019 DE eell, Á QUE SE REFIRE O ART. 6 DA ORDE HAP/2015/2012, DE 1 DE OUTUBRO

O Sr. alcalde cede a palabra á secretaria-interventora municipal, a cal da conta aos Sres. concelleiros da remisión en data 14/03/2016 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da aplicación de captura habilitada na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais, da información correspondente aos Plans Orzamentarios a medio prazo 2017-2019 aos que se refire o art. 6 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de aprobación dos mesmos e que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PLAZO 2017-2019

Visto o artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, no marco da instrumentación do principio de transparencia, que literalmente sinala:

“Artículo 29 Plan presupuestario a medio plazo

1. Se elaborará un plan presupuestario a medio plazo que se incluírá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.

2. El plan presupuestario a medio plazo abarcará un periodo mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:

a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.

b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el periodo considerado.

c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.

d) Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.

3. Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.



4. Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada. “

Visto o artigo 6 da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira:

*“Artículo 6 Información sobre los planes presupuestarios a medio plazo
Antes del quince de marzo de cada año, de acuerdo con la información disponible sobre el objetivo de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, se remitirán los planes presupuestarios a medio plazo en los que se enmarcará la elaboración de sus Presupuestos anuales. Dichos planes presupuestarios a medio plazo deben incluir información sobre los pasivos contingentes, como son las garantías públicas y préstamos morosos, que puedan incidir de manera significativa en los presupuestos públicos, así como la información necesaria para la elaboración del programa de estabilidad y la relativa a las políticas y medidas previstas para el periodo considerado que, a partir de la evolución tendencial, permitan la consecución de los objetivos presupuestarios.”*

Visto que a remisión, consonte ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios Electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) habilite ao efecto. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas desenvolveu os formularios base para o cumprimento da citada obriga con referencia ao período 2017-2019 e habilitou a plataforma para a súa remisión electrónica na Oficina Virtual das Entidades Locais da páxina web do propio Ministerio, que se pechará o 14/03/2016 ás 24:00 horas.

Visto o documento *“Plans Orzamentarios a medio plazo 2017-2019”* do Concello de Samos, esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas no artigo 25.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar, consonte ao establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, o documento *“Plans Orzamentarios a medio plazo 2017-2019”* deste Concello, que figura como Anexo a esta Resolución, elaborado pola Secretaría-Intervención consonte aos formularios base facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Segundo.- De conformidade co regulado na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, que por parte de Intervención se remita ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información relativa aos plans orzamentarios a medio prazo 2017-2019 a través da plataforma electrónica habilitada al efecto.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno do Concello na próxima sesión que celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde, ante mín a Secretaria, en Samos, a 14 de marzo de 2016.”

Os Señores concelleiros dánse por enterados.



5º.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2015.

O Sr. alcalde cede a palabra á secretaria-interventora municipal, que procede á lectura do Decreto de Alcaldía de data 28 de febreiro de 2016 polo que se aproba a liquidación do Orzamento do exercizo 2015, e que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EJERCICIO 2015.

Vista a documentación obrante no expediente, e en concreto o Informe de Intervención emitido de conformidade co art. 191.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e o Informe de Intervención sobre cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.

Visto o art. 193.bis do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), introducido polo número 1 do artigo 2º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (B.O.E. de 30 de decembro), e en vigor dende o 31/12/2013, do seguinte teor literal:

“Artículo 193 bis Derechos de difícil o imposible recaudación

Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento. “*

Visto o art. 103 do R.D. 500/1990, sobre materia orzamentaria, e de conformidade cos arts. 191.3 do TRLRFL e 90.1 do R.D. 500/1990,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aos efectos do cálculo do Remanente de Tesourería, recoñecer con efectos 31/12/2015 como saldos de dubidoso cobramento de exercicios pechados o importe de 71.259,83€ consonte ao sinalado no Informe de Intervención e resultantes da aplicación dos criterios sinalados no art. 193.bis do TRLRFL citado.



SEGUNDO: Aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2015 nos termos que figuran no expediente, e en consecuencia aprobar:

RESULTADO ORZAMENTARIO EJERCIZO 2015

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	1.066.065,77	1.031.458,61		
b. Outras operacións financeiras	508.258,11	506.620,42		
1.- Total operacións financeiras (a + b)	1.574.324,28	1.538.079,03		
2.- Activos financeiros	0,00	0,00		
3.- Pasivos financeiros	0,00	0,00		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EJERCIZO	1.574.324,28	1.538.079,03		36.245,25
AXUSTES				
4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais			2.277,41	
5.- Desviacións de financiación negativas do exercizo			171.358,17	
6.- Desviacións de financiación positivas do exercizo			169.933,60	3.701,98
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				39.947,23

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPONENTES	IMPORTES ANO		IMPORTES ANO ANTERIOR	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		494.102,49		396.697,52
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO				
- (+) do Orzamento corrente	272.079,82	414.754,76	199.472,08	459.937,85
- (+) de Orzamentos pechados	130.880,15		250.302,99	
- (+) de operacións non orzamentarias	11.794,79		10.162,78	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		124.707,26		118.980,12
- (+) do Orzamento corrente	6.677,07		4.860,00	
- (+) de Orzamentos pechados	0,01		0,01	
- (+) de operacións non orzamentarias	118.030,18		114.120,11	
4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		-228.033,97		-229.728,20
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	228.033,97		229.728,20	
- (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
I. Remanente de tesorería total (1+2-3+4)		556.116,02		507.927,05
II. Saldos de dudoso cobro		71.259,83		127.624,39
III. Exceso de financiación afectada		90.219,19		82.484,51
IV. Reman. De tesorería para gastos xerais (I-II-III)		394.637,00		297.818,15

TERCEIRO: Remitir copia da liquidación así aprobada á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

CUARTO: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre consonte ao establecido nos arts. 193.4 do TRLRFL e 90.2 do R.D. 500/1990.

En Samos, a 28 de febreiro de 2016.



O ALCALDE,
ASDO.- Julio Gallego Moure.”

Asemade, a secretaria-interventora da conta aos Sres. concelleiros que consta no expediente o seu informe de “*avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do Orzamento Xeral para o exercizo 2015*”, emitido en data 26 de febreiro de 2016 en cumprimento do preceptuado no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, e no que se conclúe o cumprimento dos obxectivos.

O citado informe xunto co expediente de liquidación púxose a disposición dos Sres. concelleiros como asunto integrante da orde do día.

O Pleno dáse por enterado.

6º.- DAR CONTA DO ACORDO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DA REFORMA DAS BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO (BASE TERCEIRA E BASE DÉCIMA).

Dáse conta que con data 10 de febreiro, R.X. nº 2016/182, tivo entrada procedente do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial, Certificado do acordo que foi adoptado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2015 relativo a “*PROPOSTA DE REFORMA DAS BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO (BASE TERCEIRA E BASE DÉCIMA)*”. Achegouse tamén o texto completo, actualizado, das citadas Bases.

O Sr. alcalde cede a palabra á secretaria municipal que procede a dar lectura á Proposta de Acordo que foi aprobada polo Pleno provincial, a cal a continuación se reproduce:

“**1º.-** Aprobar a reforma das Bases Terceira e Décima das “*bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público*”, dándolles unha nova redacción que será a seguinte:

“BASE TERCEIRA.- Contido e alcance da delegación.

Os concellos que desexen delegar na Deputación Provincial competencias nesta materia podrán facelo co seguinte contido:

Todas as competencias que os concellos teñan atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tento en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:



- 1- Imposto sobre Bens Inmóbles
- 2- Imposto sobre Actividades Económicas
- 3- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Os concellos, a maiores, poderán delegar as seguintes competencias, sempre que a Deputación Provincial dispoña dos medios persoais e materiais necesarios para asumilas, que aceptará unha vez incorporados os medios citados:

1- As competencias que teñen atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario como en período executivo, do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

2- As competencias que, teñen atribuídos en materia de recadación, en período voluntario e período executivo, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, todos eles de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón. O devandito padrón anual poderá, como máximo, fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello titular recolla esta circunstancia na correspondente ordenanza fiscal municipal.

3- As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida”.

“BASE DÉCIMA.- Compensación económica

Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- a) O 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período”.

2º:- Establecer que esta reforma terá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2016 e será aplicable aos concellos con poboación inferior aos 20.000 habitantes.

3º:- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia”.

O Pleno dáse por enterado.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG- , SOLICITANDO SE REPARE A PISTA OU CAMIÑO QUE VAI DE ESCANLAR A BALSA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/354 en data 28 de marzo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista ou camiño, que conduce o pobo de A Balsa dende Escanlar, presenta un estado máis que lamentable e bochornoso para os tempos que corren, e, vendo que pasan os anos e nin siquera se aprecian visos de cambio.



Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se repare dita pista con urxencia, aínda que sexa provisionalmente con zahorra.”

Rematada a lectura da moción se abre a quenda das intervencións, coas seguintes:

- SR. ALCALDE.- Saberá vostede que se quitou hai pouco unha árbore que estaba atravesada e impedía o paso para poder botarlle zahorra.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non.

- SR. ALCALDE.- Xa se intentou hai uns anos, pero os veciños non cederan os terreos, por eso non se asfaltou.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Polo menos botarlle zahorra.

- SR. ALCALDE.- Xa se está botando co camión da Deputación de Lugo e para a semana acabarán. Por estas razóns imos a rechazar a moción.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Nos alegra que se estén presentando mocións e se vaian arranxando as cousas.

Non habendo máis intervencións, ábrese a quenda das votacións co seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: ningunha

Polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG-, PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/355 en data 28 de marzo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

MOCIÓN DE COMPROMISO POR GALICIA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de



expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galicia se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Concello de SAMOS. manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia e

INSTA á Xunta de Galicia a:

-Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

-Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

-Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na *Carta Europea*.

-Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”

Rematada a lectura da moción e tras as únicas intervencións do Sr. Alcalde, para sinalar que están de acordo coa moción, e do Sr. López do Grupo municipal do Partido Popular, manifestando que non vai facer manifestacións, o Pleno Corporativo procede á votación arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (6 Grupo municipal socialista e 1 Grupo mixto)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 1 (Grupo municipal do Partido Popular)

Polo que o Pleno Corporativo aproba a moción transcrita anteriormente.

9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG-, SOLICITANDO SE REBAIXE DO 20% AO 5% DO NÚMERO DE HABITANTES DESTA CONCELLO A CANTIDADE DE FIRMAS ESIXIDAS PARA LEVAR A CABO INICIATIVAS POPULARES.



O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/356 en data 28 de marzo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De un tempo a esta parte, amplos sectores cidadans, movementos e Asociacións consideran que a participación cidadá na vida política, non debe reducirse a votar cada catro anos nas eleccións municipais. O compromiso coa Democracia participativa, non debe quedarse tan só en boas intencións, senón que se deben establecer instrumentos válidos para facela efectiva.

A participación cidadá non só é obrigada cuando existe senón que reporta amplos beneficios á xestión municipal: aporte de ideas, compromiso nos resultados, transparencia, etc. Por eso é obrigado abrir canles de participación en cantos órganos de xestión sexan posibles, e, o artigo 228 1 e 2 do R.O.F. xa recolle as normas para a participación cidadá nos plenos.

Outra forma de participación cidadá, son as iniciativas populares, nas que os veciños poden presentar propostas de acordos , actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal, todo elo regulado pola Lei de Bases de Réxime Local, no séu artigo 70 bis.

Como nos parece excesivo o número de firmas necesarias para que nun Concello coma o noso, que é do 20% do censo , se poda levar a cabo unha iniciativa e sabendo que xa moitos Concellos baixaron esa porcentaxe.

Propoño o Pleno a adopción do seguinte .

ACORDO

1º.- Que se rebaixe ao 5% do nº de habitantes deste Concello a cantidade de firmas esixidas para levar a cabo unha Iniciativa Popular.”

Rematada a lectura da moción e unha vez aberta a quenda das intervencións, o Sr. Alcalde ao abeiro do art. 94.3 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, require da secretaria-interventora municipal aclaración legal ao respecto. A secretaria municipal procede á lectura dos apartados 1 e 2 do art. 70 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local, e que a continuación se transcriben:

“Artículo 70 bis.

1. Los ayuntamientos deberán establecer y regular en normas de carácter orgánico procedimientos y órganos adecuados para la efectiva participación de los vecinos en los



asuntos de la vida pública local, tanto en el ámbito del municipio en su conjunto como en el de los distritos, en el supuesto de que existan en el municipio dichas divisiones territoriales.

2. Los vecinos que gocen del derecho de sufragio activo en las elecciones municipales podrán ejercer la iniciativa popular, presentando propuestas de acuerdos o actuaciones o proyectos de reglamentos en materias de la competencia municipal.

Dichas iniciativas deberán ir suscritas al menos por el siguiente porcentaje de vecinos del municipio:

- a) Hasta 5.000 habitantes, el 20 por ciento.*
- b) De 5.001 a 20.000 habitantes, el 15 por ciento.*
- c) A partir de 20.001 habitantes, el 10 por ciento.*

Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate y votación en el Pleno, sin perjuicio de que sean resueltas por el órgano competente por razón de la materia. En todo caso, se requerirá el previo informe de legalidad del secretario del ayuntamiento, así como el informe del interventor cuando la iniciativa afecte a derechos y obligaciones de contenido económico del ayuntamiento. En los municipios a que se refiere el artículo 121 de esta ley, el informe de legalidad será emitido por el secretario general del Pleno y cuando la iniciativa afecte a derechos y obligaciones de contenido económico, el informe será emitido por el Interventor general municipal.

Lo dispuesto en este apartado se entiende sin perjuicio de la legislación autonómica en esta materia.

Tales iniciativas pueden llevar incorporada una propuesta de consulta popular local, que será tramitada en tal caso por el procedimiento y con los requisitos previstos en el artículo 71.

...”

Á vista do sinalado no artigo 70.bis transcrito, a secretaria municipal sinala que ao seu xuízo e dado que a lexislación autonómica non sinala nada nesta materia, o feito de que para este concello as iniciativas populares vaian subscritas por unha porcentaxe inferior ao 20% non se axusta á legalidade, ao preceptuar dito artigo da Lei 7/1985, de 2 de abril, básico, a esixencia de polo menos, dita porcentaxe.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois en outros concellos como o de Monforte o fixeron.

- SECRETARIA MUNICIPAL.- O descoñezo, pero ao meu xuízo non se axusta á legalidade.

- SR. ALCALDE.- Consideramos que unha iniciativa popular é precisamente iso, aquela que beneficia a moitos veciños en xeral e non a uns cantos en particular, polo tanto consideramos que un 20% segundo está estipulado por Lei é o que mantemos.

- SR. LÓPEZ, PARTIDO POPULAR.- Penso que o proposto na moción sería bo para a cidadanía.

Procédese á votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)



Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: ningunha

Polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

10º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde abre o turno de asuntos urxentes, sen que se plantexe ningún.

Neste punto o Sr. alcalde, consonte aos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, explica aos Sres. concelleiros que se o estiman conveniente se inclúe na orde do día da convocatoria como asunto urxente a adopción dos acordos que procedan en relación coa solicitude de aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrais para 2017 de conformidade co disposto no artigo 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario segundo a documentación remitida pola Xerencia Territorial do Catastro e con entrada no Rexistro Xeral en data 31/03/2016, despois da convocatoria da presente sesión, e evitar así a celebración dunha sesión plenaria extraordinaria con este único punto da orde do día, xa que no caso de acordarse a solicitude, ésta debe ser comunicada antes do 31/05/2016, antes do próximo Pleno Ordinario.

Se procede á súa votación, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), se acorda a súa inclusión na orde do día da convocatoria como asunto urxente.

11º.- SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE COEFICIENTES DE ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS PARA 2017 DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 32.2 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CATASTRO INMOBILIARIO.

Visto o oficio remitido en data 29 de marzo de 2016 pola Xerencia Territorial do Catastro, con entrada no Rexistro Xeral do concello con nº 2016/379 en data 31 de marzo, co teor literal seguinte:

“

Estimado Sr. Alcalde:

Como sabe, los ayuntamientos pueden solicitar la aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrales para 2017 de conformidad con lo dispuesto en el artículo 32.2 del texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario. El coeficiente de actualización de los valores catastrales que la Dirección General del Catastro va a proponer incorporar al proyecto de Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2017, para este municipio es del 1,08. Esta medida permite acercar los valores catastrales al entorno del 50% del valor de mercado.

Si ese Ayuntamiento quiere que se aplique el citado coeficiente, además de cumplir con el resto de requisitos establecidos legalmente, debe comunicar su solicitud antes del 31 de mayo de 2016. Para ello, se adjuntan los modelos por los que puede optar:

- *El modelo A, si la solicitud de aplicación de coeficientes de incremento afectase sólo al año 2017.*



- **El modelo B**, si la solicitud de aplicación de coeficientes de incremento afectase al año 2017 y sucesivos.

Quedo a su entera disposición para facilitarle la información que pueda necesitar. Podríamos concertar una reunión al efecto, si lo considera oportuno.

Reciba un cordial saludo,

En Lugo, a 29 de marzo de 2016-05-23

EL GERENTE TERRITORIAL

Fdo.: Luis Fernando Jácome López”

Se somete á votación do Pleno Corporativo tres opcións:

Opción A: Solicitar da Dirección Xeral do Catastro consonte ao modelo A remitido, a aplicación aos valores catastrais dos bens inmoables urbáns do termo municipal, dos coeficientes que para o seu incremento estableza ao efecto a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 (art. 32.2 do TRLCI).

Opción B: Solicitar da Dirección Xeral do Catastro consonte ao modelo B remitido, a aplicación aos valores catastrais dos bens inmoables urbáns do termo municipal, dos coeficientes que para o seu incremento estableza ao efecto a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e sucesivos (art. 32.2 do TRLCI).

Opción C: Non solicitar da Dirección Xeral do Catastro a aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrais para 2017 ou sucesivos establecida no art. 32.2 do TRLCI.

Sen que se efectúen intervencións, procédese ás votacións co seguinte resultado:

Opción A:

Votos a favor: ningún

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (6 do Grupo municipal socialista, 1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Opción B:

Votos a favor: ningún

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (6 do Grupo municipal socialista, 1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Opción C:

Votos a favor: 8 (6 do Grupo municipal socialista, 1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha



Polo que por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes ao Pleno Corporativo (oito votos a favor), queda aprobada a opción C, polo tanto, se acorda non solicitar da Dirección Xeral do Catastro a aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrais para 2017 ou sucesivos establecida no art. 32.2 do TRLCI.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ao presentado en escrito con R.X.E. nº 2016/357 en data 28 de marzo, e que a continuación se transcribe:

“ 1.- Que se poña un contedor de lixo mais grande no pobo de Roxofrei, ou no seu caso, outro mais como o que hai, pois según os veciños non chega o que teñen.”

- SR. ALCALDE.- Nesa aldea só hai dúas casas habitadas, falei cos veciños e o que queren é que se centre o contedor, asíque vai intentarse poñelo máis centrado.

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2016/357 en data 28 de marzo, e que a continuación se transcriben:

“ 1.- Por qué a empresa de recollida do lixo segue sen lavar os contedores , sen repoñer os que están rotos en sen recoller selectivamente os residuos ? ”

- SR. ALCALDE.- En primeiro lugar, os contedores rotos dos que tén coñecemento o concello, amáñanse ou cámbianse. O concello enviou á empresa todos os papeles que pediron para proceder á recollida selectiva do lixo, pero o problema parece ser que a empresa entrou en concurso de acreedores segundo un escrito que mandaron a semana pasada ao concello. Polo de agora seguen a prestar o servizo, pero estamos á espera intentando solucionar o problema.

“ 2.- Están en condicións para o seu uso as pistas de xogo de Teiguín e o campo de fútbol 7 de Vigo do Real ? , e que trámites hai que facer para poder usalas ?.

- SR. ALCALDE.- Para poder usalas o que hai que facer é solicitalas. Saberá vostede que esas pistas foron contratadas polo goberno do PP, sendo vostede concelleiro de cultura e deporte, e mire qué ben facían as obras que ao pouco tempo se desfacían...Pediremos as autorizacións a Patrimonio e á Confederación para proceder ao seu arranxo e que duren máis.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Voulle dicir unha cousa, non lla iba a dicir, pero agora sí. Sempre anda dicindo e recordando que fun concelleiro do PP, e eso foi fai 8 anos. Logo está a dicir que non se fixo nada en 8 anos.

- SR. ALCALDE.- Si se fixera ben debería durar 8, 20 e 30 anos...Non imos a cortar a herba cada dous días se ninguén a usa. O campo de fútbol se alguén quere xogar que o solicite que se lle corta a herba é listo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Entón a culpa é do Partido Popular...

- SR. ALCALDE.- Non digo eso.



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- ¿ Onde hai que solicitar, nas oficinas?

- SR. ALCALDE.- Sí, no Rexistro, como calquera escrito que se presente no concello.

“ 3.- En que se van gastar os 1980 € concedidos pola Excma. Deputación Provincial para melloras no Pavillon de depórtes, e os 1300 € concedidos para a Biblioteca ?.”

- SR. ALCALDE.- Xa foi pasado en Xunta de Goberno Local, ambas subvencións foron devoltas porque había que poñer máis cartos por parte do concello que o que nos daban e o concello non dispoñía de esa partida, só do 5% que era o que se poñía na solicitude. Solicitouse catro mil e pico euros e só concederon unha mínima parte. De todos os xeitos hai pedida outra subvención para a biblioteca e esperamos se adapten ao solicitado.

- SR. REAL.- E para o Pavillón? Non sei se pasou polo Torneo, pero está necesitado de moitos arranxos. Non nos parece de recibo devolver subvencións.

- SR ALCALDE.- (Ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular) Non sei se queredes formular preguntas...

- SR. LÓPEZ (GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR).- Non.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,